



Resolución da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se presta conformidade á adhesión solicitada polo Consorcio para a Xestión do ciclo urbano da Auga do Louro, ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia

En data 13 de xullo de 2010, asinouse o Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante addenda de data 24 de outubro de 2013 prorrogase a vixencia do convenio de colaboración ata o 31 de decembro de 2015 e en data 17 de decembro de 2015, prorrogase novamente a vixencia deste convenio ata o 31 de decembro de 2017

Na cláusula cuarta do capítulo primeiro establecíase o marco polo cal as Entidades Locais poderían asinar a súa adhesión.

A cláusula décimo sétima do convenio encomenda a Comisión de Seguimento do mesmo, entre outras, a competencia para dar conformidade as posibles adhesións ao presente convenio que se soliciten polas Entidades Locais, aplicando o modelo incorporado no anexo IV a este convenio, sen prexuízo de que, mediante acordo desta, poida delegar a devandita competencia nalgún ou algúns dos seus membros.

O 14 de decembro de 2010 a Comisión de Seguimento do Convenio acordou delegar as autorizacións das adhesións no director xeral de Administración Local

Tramitadas as solicitudes de adhesión telemáticas, procede agora a prestar conformidade as validadas de forma correcta.

Polo exposto;

En uso das competencias atribuídas e ao abeiro do disposto na cláusula décimo sétima do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinado en data 13 de xullo de 2010 e o acordo da Comisión de Seguimento de 14 de decembro de 2010

RESOLVO:

Prestar conformidade a solicitude de adhesión telemática presentada polo Consorcio para a Xestión do ciclo urbano da Auga do Louro ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia .

Santiago de Compostela

Marta Fernández- Tapias Núñez
(documento asinado dixitalmente na marxe)

